



Secretaría Xeral
Expte 44254/220

ANUNCIO

Expte 44254/2024 Provisión posto Xefatura Electromecánicos.

Tribunal Sesión núm. 2 de 13/12/2024.

Resolución das alegacións presentadas e baremación definitiva da 1ª fase

Resolución das reclamacións presentadas.

ARRANZ GONZÁLEZ, BEGOÑA

Rexistro de entrada núm. R20240107169 de 10/12/2024

Cód. Doc. 240386051

Cód. Solic. W1221846-5103

«ALEGACIÓN PRIMEIRA Base cuarta, apartado 1.1.1 “recoñecemento del grado personal consolidado”

A reclamante indica, de acordo coa normativa e a xurisprudencia que cita nas súas alegacións, que a consolidación do grado é automática, desempeñando dende o seu ingreso un posto de traballo co nivel 26 de CD, polo que entende que ese grado persoal debeu ser valorado polo Tribunal.

De acordo có sinalado na DT 8ª.1.j) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia e o art. 70.11 do RD 364/1995, de 10 de marzo, "por el que se aprueba el Reglamento General de ingreso del personal al servicio de la Administración General del Estado y de provisión de puestos de trabajo y promoción profesional de los funcionarios civiles de la Administración General del Estado", de aplicación supletoria ás EELL, a consolidación do grado precisa dunha resolución expresa de recoñecemento do grado consolidado ditada polo órgano municipal competente. Non consta na documentación aportada pola reclamante tal resolución expresa, nin se indicaba na documentación aportada en que expediente administrativo se atopaba (conforme esixe o art. 28.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común), polo que non foi obxecto de valoración provisional o apartado 1.1.1 "grado persoal consolidado" da base 4ª das específicas que rexen o proceso de provisión no que actúa este Tribunal.

A aspirante non aporta nin coa documentación inicial nin coa súa reclamación copia ou referencia expresa de resolución sobre recoñecemento de grado persoal consolidado.

Facendo uso da posibilidade sinalada na base segunda.2, paragrafo terceiro, comprobado o expediente persoal da aspirante constatase que non se atopa no mesmo unha resolución expresa de recoñecemento de consolidación do grado ditada con data anterior á do remate do prazo de presentación de instancias neste proceso que foi o 17/06/2024.

Polo tanto este motivo da reclamación debe ser desestimado e non é tida en conta esta alegación na avaliación final da interesada.»

O Tribunal de Valoración na sesión citada adoptou os seguintes acordos que se fan públicos aos efectos oportunos:

«Primeiro.- Desestimar, nos termos sinalados nesta acta, as alegacións formuladas pola Sra. Arranz González na súa reclamación presentada co rexistro de entrada núm. R20240107169 de 10/12/2024 (cód. doc. 240386051, cód. solic. W1221846-5103).



Copia do documento - Concello de Vigo

240393489

Data impresión: 18/12/2024 12:43 Páxina 1 de 2

CSV: A9A3C9-49A94D-5EB22B-4159B5-46VHKN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Secretaría Xeral
Expte 44254/220

Segundo.- Elevar a definitiva a valoración provisional outorgada por este Tribunal na súa sesión do 26/11/2024 na primeira fase do proceso á aspirante admitida que se une como Anexo I a este acta como proposta do Tribunal.

Terceiro.- Declarar á aspirante Sra. Arranz González excluída do proceso aon non superar a puntuación mínima establecida na base cuarta, primeira fase, das específicas que rexen este proceso de provisión do posto.

Cuarto.- Declarar deserto o proceso de provisión do posto de Xefatura de Electromecánicos a que se tramita no expte electrónico 44254/220 ao non existir aspirantes que superasen a puntuación mínima sinalada na base cuarta das específicas que o rexen.»

Anexo I.- Valoración definitiva da primeira fase (concurso) do proceso de provisión do posto de Xefe/a de Electromecánicos mediante concurso específico (base 5ª das específicas que rexen o proceso de provisión, BOP de Pontevedra núm. 93 do 13/05/2024). Resumo:

Arranz González, Begoña	***7035**
A).- Méritos xerais	máxima 20 puntos
1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.	máximo 5 puntos 5,00 puntos
B).- Méritos específicos.	máxima 20 puntos.
1.1.8. Experiencia profesional	máximo 8 puntos 2,44 puntos
1.1.9. Formación específica	máximo 12 puntos 12,00 puntos
	Total 19,44 puntos

Vigo, á data da sinatura dixital

O Secretario da Comisión de Valoración.
José Villán Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo 240393489	Data impresión: 18/12/2024 12:43 CSV: A9A3C9-49A94D-5EB22B-4159B5-46VHKN-FD	Páxina 2 de 2
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		